

**2019**



**PAZO DA  
CULTURA**  
Concello de Narón

# Monólogos - Música Teatro - Danza

---

**PROGRAMACIÓN ABRIL/MAIO**

## Programación

DATA: Venres, 5 de abril  
LUGAR: Pazo da Cultura  
HORA: 20:30 horas  
COMPAÑÍA: ETIQUETA NEGRA  
ESPECTÁCULO: Luís Piedrahita - "Las amígdalas de mis amígdalas son mis amígdalas"  
DURACIÓN: 1 hora e 20 minutos  
XÉNERO: Monólogo - comedia  
PÚBLICO: A partir de 14 anos  
IDIOMA: Castelán  
PREZOS:  
Espectáculo fora de abono  
Patio de butacas: 18,00 €  
Primeira platea : 16,00 €  
Segunda platea: 14,00 €



É vostede deses que len a recensión dun espectáculo antes de ir velo? Agora non diga que non, porque o pillamos infraganti. Está vostede de parabéns... "Las amígdalas de mis amígdalas son mis amígdalas" é un show de Luís Piedrahita pensado para xente como vostede. Xente esixente, aseada e con sentido do humor. Somos tan modestos que preferimos falar ben de vostede antes que do noso show. Aínda así, non queremos ocultar que deste espectáculo se dixo que é unha das obras más enxeñosas, brillantes e poéticas do século XXI. O que si queremos ocultar é que foi o propio Piedrahita quen o dixo.

**DATA:** Sábado, 6 de abril  
**LUGAR:** Pazo da Cultura  
**HORA:** 20:00 horas  
**COMPAÑÍA:** XOEL LÓPEZ  
**ESPECTÁCULO:** Sueños y Pan  
**DURACIÓN:** 1 hora e 45 minutos  
**XÉNERO:** Música  
**PÚBLICO:** A partir de 12 anos  
**IDIOMA:** Castelán  
**PREZOS:** Público xeral: 25 €

Abonados- desempregados- carné xove ou estudiante (ata 25 anos): 17,50 €



“Sueños y Pan”. Palabras que pretenden abranguer moito con moi pouco. Para Xoel os soños engloban o que un trata de ser. Ideais, aventuras, arte e misterio. Umm... empezamos a voar. O pan, pola súa banda, representa o terreal. Os alimentos, o fogar, o cotián e o traballo. Necesidades que obrigan a aterrarr. Iniciado o descenso. A madurez moitas veces consiste en alcanzar o segundo, deixando a un lado todo o primeiro sen nos dar de conta de todo. Pero en “Sueños y Pan” Xoel canta a todo o contrario. Reivindica o pan para poder soñar e construír esoutro espazo. El e todos os demás. Sempre tendo claro onde empeza todo. “E áinda que temo perderme en mundos raros, sempre deixo pedras para poder regresar ao teu carón”, di con certa fraxilidade en “Insomnio”. Tintineo de guitarras. Un fraseo que sobe a Silvio Rodríguez nunha barca de soft-pop dos setenta. E unha parte final de saxo e ruído branco. Queda unha cousa clara: o momento cume non está agora fóra de casa, atópase no fogar.

<b>DATA:</b>	Venres, 12 de abril
<b>LUGAR:</b>	Pazo da Cultura
<b>HORA:</b>	21:00 horas
<b>COMPAÑÍA:</b>	Tertulia Producción
<b>ESPECTÁCULO:</b>	Remember Queen
<b>DURACIÓN:</b>	1 hora e 30 minutos
<b>XÉNERO:</b>	Música
<b>PÚBLICO:</b>	A partir de 12 anos
<b>PREZOS:</b>	Espectáculo fora de abono Anticipada patio: 26€ ; Anticipada plateas: 24€ Día evento patio : 30€; Día evento plateas: 28€



Tras o éxito na Gran Vía de Madrid con máis de 15.000 espectadores regresa Remember Queen, a homenaxe más fiel a Queen de Europa, un espectáculo visto por más de medio millón de persoas e de gran éxito nas nove tempadas pasadas. A factoría de espectáculos World Tribute presenta este atractivo show cunha renovada posta en escena, coidando vestiario e os mellores artistas do mundo especialistas en emular o traballo da Banda Británica, ofrecendo unha especial homenaxe á figura de Freddie Mercury e ao seu legado musical. O obxectivo de Remember Queen é crear a sensación de estar a ver a Queen en vivo. Os artistas coidan o máis mínimo detalle do espectáculo cunha posta en escena similar á que estes utilizaban na Xira do 86, sendo esta a última Xira de QUEEN con "Freddie Mercury" en vida, ocupando a formación exacta que tiñan e que apaixonou nos escenarios de todo o mundo.

**DATA:** Sábado, 13 de abril  
**LUGAR:** Pazo da Cultura  
**HORA:** 20:00 horas  
**COMPAÑÍA:** TEATRO DEL BARRIO  
**ESPECTÁCULO:** Mundo Obrero  
**DURACIÓN:** 1 hora e 25 minutos  
**XÉNERO:** Político-musical  
**PÚBLICO:** A partir de 14 anos  
**IDIOMA:** Castelán  
**PREZOS:** Público xeral: 12 €

Abonados- desempregados- carné xove ou estudiante (ata 25 anos): 8,40 €



**TEXTO E DIRECCIÓN:** Alberto San Juan

**FICHA ARTÍSTICA:** Música Santiago Auserón

**ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO:** Beatriz San Juan

**ILUMINACIÓN:** Raúl Baena

**COMPOSICIÓN MUSICAL:** Santiago Auserón

**ESPAZO SONORO:** Adrián Foulkes

**MOVEMENTO ESCÉNICO:** Paloma Díaz

**FOTOGRAFÍA:** Sergio Parra

**AXUDANTE DE DIRECCIÓN:** Ana Belén Santiago

#### ELENCO:

Luis Bermejo


Marta Calvó

Pilar Gómez

Alberto San Juan

Café La Tranquilidad, avenida do Paralelo, Barcelona, anos 20 do século pasado. Un mendigo achégase a unha mesa e pide unha moeda a un home. Este saca unha pistola da súa chaqueta, ponila na man ao mendigo e dille: "Vai a un banco e colle o que necesites. É teu". Comeza a música. Así arrinca este relato, que retrocederá ao último terzo do século XIX, á creación do movemento obreiro, e irá avanzando, a través das loitas no campo e na cidade, cara aos anos 30 do século XX, o momento de máxima efervescencia social, o exterminio da guerra e a guerra despois da guerra, as primeiras fendas no silencio a finais dos 50, a inmensa onda do antifranquismo, o fin da ditadura e da mobilización social que rematará con ela, a vitoria do Partido Socialista, o fin do movemento obreiro, "as catro mellores décadas e a nosa historia", e de novo, as loitas de sempre pero agora nun mundo distinto, postindustrial, tecnolóxico. Todo a través de personaxes históricos pero tamén a través dunha serie de personaxes anónimos, inventados, próximos. Os nosos avós, pais, nós mesmos. Buscando unha casiña, unha terriña, un anaco de pan, un investimento millonario, poder durmir ao deitarse, exhaustos. E todo nun formato de comedia musical. O café La Tranquilidad, converterase nun oliveiral estremeño, un canellón de Lavapiés, o Congreso dos Deputados, unha oficina de teleasistencia, o salonciño dun piso en Sanchinarro... Alí cantaranse discursos e diálogos e rirémos xuntos. As nosas risas serán balas que ao acertar non matan. Dan vida.

<b>DATA:</b>	<b>Domingo, 14 de abril</b>
<b>LUGAR:</b>	<b>Pazo da Cultura</b>
<b>HORA:</b>	<b>18:00 horas</b>
<b>COMPAÑÍA:</b>	<b>GALITOON</b>
<b>ESPECTÁCULO:</b>	<b>Facendo o Indio</b>
<b>DURACIÓN:</b>	<b>1 hora</b>
<b>XÉNERO:</b>	<b>Teatro xestual</b>
<b>PÚBLICO:</b>	<b>Infantil, a partir de 4 anos</b>
<b>IDIOMA:</b>	<b>Galego</b>
<b>PREZOS:</b>	<b>Público xeral: 9,50 €</b> <b>Abonados- desempregados- carné xove ou estudiante (ata 25 anos): 6,65 €</b> <b>Menores de 14 anos: 5,50 €</b>



**AUTOR:** Chisco Casteleiro  
**DIRECCIÓN:** Chisco Casteleiro  
**ADAPTACIÓN:** Chisco Casteleiro  
**ESCENOGRAFÍA:** Galitoon  
**DESEÑO SON:** Javier Vega  
**DESEÑO ILUMINACIÓN:** Javier Vega  
**VESTIARIO:** Galitoon  
**MÚSICA:** Tony Torres  
**COREOGRAFÍA:** Ana Conca

#### ELENCO:

Jonatan García  
 Rubén Mira

Este espectáculo conta os costumes ancestrais, a forma de vida dos indios americanos e os coñecementos adquiridos tras xeracións, desde a visión de: "Todo o que non deberías facer, se es un indio americano..."

Un repaso á cultura das tribos de indios americanos, na que a nosa tribo dos "pesgrandes", intenta non extinguirse e loitar contra o seu peor inimigo: eles mesmos!

Un espectáculo de rúa e interior, no cal os nosos protagonistas, coa axuda do público, veranse realizando accións cotiás, de maneira más inverosímil..., o que nos levará a tolas e divertidas situacións cheas de risos, accidentes e moi malas decisións.

Galitoon recupera con "Facendo o Indio" a súa particular visión do teatro de humor xestual, con esta tola e divertida proposta chea de música, situacións absurdas, interacción directa co público, e por suposto, o seu característico selo dos monicreques e distintas performances nas súas propostas de teatro familiar.

**DATA:** Sábado, 27 de abril  
**LUGAR:** Pazo da Cultura  
**HORA:** 20:00 horas  
**COMPAÑÍA:** PENTACIÓN  
**ESPECTÁCULO:** Hablar por hablar  
**DURACIÓN:** 1 hora e 30 minutos  
**XÉNERO:** Teatro contemporáneo  
**PÚBLICO:** A partir de 14 anos  
**IDIOMA:** Castelán  
**PREZOS:** Público xeral: 16,00 €  
Abonados- desempregados- carné xove ou estudiante (ata 25 anos): 11,20 €



**DESEÑO DE PRODUCCIÓN:** Joseba Gil  
**PRODUCCIÓN EXECUTIVA:** Fernando Cornejo  
**DIRECCIÓN:** Fernando Sánchez-Cabezudo  
**AXUDANTE DE DIRECCIÓN:** Carlos Tuñón  
**DISTRIBUCIÓN:** Pentación Espectáculos  
**ILUMINACIÓN:** David Picazo  
**ESCENOGRAFÍA:** Eduardo Moreno  
**VESTIARIO/FIGURINISTA:** Laura Renau  
**MÚSICA:** Vincent Miras  
**SON:** Nacho Bilbao  
**AXUDANTE DE PRODUCCIÓN:** Laura Galán  
**TÉCNICO LUCES:** Carlos Barahona  
**TÉCNICO SON:** Enrique Calco Solera  
**MAQUINISTA:** Francisco Agudo Navarro

#### ELENCO:

Julio Cortázar  
Ángeles Martín  
Samuel Viyuela González  
Carolina Yuste  
Pepa Zaragoza

'Hablar por hablar', inspirado nas historias de madrugada do lendario programa de radio da Cadea Ser. Chega a madrugada e na soildade das nosas casas, do traballo, ou do lugar onde decidimos resgardarnos, acendemos a radio para que nos arroupe na nosa travesía nocturna mentres os demás dormen. Agardamos impacientes atopar unha luz que nos alumee na noite, como náufragos que non deixan de mirar o horizonte en busca de terra firme. Oíntes anónimos que contan historias, que se fan compaña cos seus soños, fracasos, amores. Historias que rematan sendo nosas, ao escoitalas formamos parte delas, somos cómplices na sombra. Isto é "Hablar por hablar", o programa feito cos oíntes da radio.

<b>DATA:</b>	Venres, 3 de maio
<b>LUGAR:</b>	Pazo da Cultura
<b>HORA:</b>	20:30 horas
<b>COMPAÑÍA:</b>	TEATRO ESPAÑOL
<b>ESPECTÁCULO:</b>	Rojo
<b>DURACIÓN:</b>	1 hora e 30 minutos
<b>XÉNERO:</b>	Teatro
<b>PÚBLICO:</b>	A partir de 14 anos
<b>IDIOMA:</b>	Castelán
<b>PREZOS:</b>	Público xeral: 18,00 € Abonados- desempregados- carné xove ou estudiante (ata 25 anos): 12,60 €



**DIRECCIÓN:** Juan Echanove

**TRADUCCIÓN:** José Luis Collado

**DESEÑO ESCENOGRAFÍA:** Alejandro Andújar

**DESEÑO ILUMINACIÓN:** Juan Gómez-Cornejo (A.A.I.)

**DESEÑO VESTIARIO:** Alejandro Andújar

**ELENCO:**

Juan Echanove

Ricardo Gómez

Mark Rothko, un dos grandes representantes do chamado Expresionismo Abstracto, enfróntase ao que se cadra é o seu maior reto profesional e o seu peor dilema ético: pintar unha serie de murais, extraordinariamente ben pagos, que deberán decorar o elitista restaurante Four Seasons de Nova York. É o principio da decadencia, pero o tormentoso creador négase a aceptar que un novo movemento, o Pop Art, axega disposto a pisar o seu legado tal e como a súa xeración fixo cos cubistas que a precederon. Baixo a incisiva ollada do seu mozo axudante, e disparando palabras como dardos, Rothko pinta un certeiro retrato da súa visión da arte, da vida e da morte á que non quixo esperar.

<b>DATA:</b>	Sábado, 4 de maio
<b>LUGAR:</b>	Pazo da Cultura
<b>HORA:</b>	20:00 horas
<b>COMPAÑÍA:</b>	MORGAN
<b>ESPECTÁCULO:</b>	Air
<b>DURACIÓN:</b>	1 hora e 45 minutos
<b>XÉNERO:</b>	Música
<b>PÚBLICO:</b>	A partir de 12 anos
<b>IDIOMA:</b>	Castelán
<b>PREZOS:</b>	Público xeral: 18,00 € Abonados- desempregados- carné xove ou estudiante (ata 25 anos): 12,60 €



**BAIXO/COROS:** Alejandro Ovejero

**PIANO/VOZ:** Carolina de Juan

**TECLADOS/COROS:** David Schulthess

**BATERÍA:** Ekain Elorza

**GUITARRA/COROS:** Paco López


Morgan é unha banda creada en Madrid por Paco, Ekain e Nina coa idea de montar unhas cancións para tocar xuntos. Traballaron un par de anos no local coas ideas que tiñan e integraron a Ove para entrar a gravar. En marzo de 2018 presentan "Air", o seu novo disco.

**DATA:** Domingo, 5 de mayo  
**LUGAR:** Pazo da Cultura  
**HORA:** 18:00 horas  
**COMPAÑÍA:** UDRA PRODUCIÓN S  
**ESPECTÁCULO:** Rock en Familia: descubriendo a AC/DC  
**DURACIÓN:** 1 hora  
**XÉNERO:** Música  
**PÚBLICO:** Todos os Públicos  
**PREZOS:**  
Público xeral: 9,50 €  
Abonados- desempregados- carné xove ou estudiante (ata 25 anos): 6,65 €  
Menores de 14 anos: 5,50 €



Rock en Familia é un espectáculo no que toda a familia pásao ben. Grandes e pequenos gozan por igual da experiencia da música en directo, á vez que descobren a historia e as cancións dalgúns dos artistas e grupos máis importantes e relevantes da historia do rock e o pop. A través dos nosos contacontos e as mellores bandas tributo do país, neste Rock en Familia descubrimos a historia e as cancións de AC/ DC.

**DATA:** Sábado, 11 de maio  
**LUGAR:** Pazo da Cultura  
**HORA:** 20:00 horas  
**COMPAÑÍA:** PENTACIÓN  
**ESPECTÁCULO:** Cinco horas con Mario  
**DURACIÓN:** 1 hora e 25 minutos  
**XÉNERO:** Teatro de texto  
**PÚBLICO:** A partir de 14 anos  
**IDIOMA:** Castelán  
**PREZOS:** Público xeral: 16,00 €  
 Abonados- desempregados- carné xove ou estudiante (ata 25 anos): 11,20 €



**AUTOR:** Miguel Delibes

**ADAPTACIÓN:** Miguel Delibes, Josefina Molina e José Sámano

**DIRECCIÓN:** Josefina Molina

**FOTOGRAFÍA E VÍDEO:** Daniel Dicenta

**DESEÑO GRÁFICO:** David Sueiro

**TÉCNICO DE ILUMINACIÓN/SON:** Manuel Maldonado

**REXEDOR E XERENTE:** Cristina Berhó

**DESEÑO ILUMINACIÓN:** Manuel Maldonado

**MÚSICA:** Luis Eduardo Aute

**ESPAZO SONORO:** Mariano Díaz

**ESPAZO ESCÉNICO:** Rafael Palmero

**ELENCO:**

Lola Herrera

Estamos en marzo de 1966. Carmen Sotillo vén de perder o seu marido Mario de forma inesperada. Unha vez que as visitas e a familia marchan, ela soa vela durante a última noite o cadáver do seu marido e inicia con el un monólogo-diálogo no que descubrimos as súas personalidades e os conflitos do seu matrimonio. Cunha forma entrecortada, detallista ao mínimo, reiterativa e chea de tópicos, Carmen Sotillo di cousas, manifesta sentimentos e emite xuízos que a moitas persoas hoxe lles poden parecer incríbeis. Pero damos fe de que esa linguaxe existía, de que eses xuízos se emitían, de que esas “cousas” de Carmen estaban na vida de todos os días. “Cinco horas con Mario” é, entre outras moitas cousas, un documento vivo deses anos. Das preocupacións económicas, relixiosas, políticas, sexuais e morais entón imperantes que Delibes, a través da linguaxe do seu protagonista, deixou retratadas con nitidez, de forma que a vida española de entón chega a palpitar viva nas súas palabras. Pero, por riba de todo isto, “Cinco horas con Mario” fálanos dos asuntos eternos do ser humano: da culpa, da soildade, da incomunicación, do sentido da vida. Como sempre en Delibes partindo dun localismo concreto encarna nas súas persoaxes e nos seus conflitos as realidades más profundas e complexas que condicionan a nosa vida.

**DATA:** Sábado, 18 de maio  
**LUGAR:** Pazo da Cultura  
**HORA:** 20:00 horas  
**COMPAÑÍA:** CONTRAPRODUCIÓN S.L.  
**ESPECTÁCULO:** Commedia  
**DURACIÓN:** 1 hora e 30 minutos  
**XÉNERO:** Teatro - Comedia  
**PÚBLICO:** Adultos  
**IDIOMA:** Galego  
**PREZOS:** Público xeral: 9,50 €  
Abonados- desempregados- carné xove ou estudiante (ata 25 anos): 6,65 €



**AUTOR:** Cándido Pazó e Carlo Goldoni

**DIRECCIÓN:** Cándido Pazó

**ESCENOGRAFÍA:** Suso Montero

**DESEÑO SON:** Fernando Reyes

**DESEÑO ILUMINACIÓN:** Afonso Castro

**VESTIARIO:** Suso Montero

**MÚSICA:** Fernando Reyes

#### ELENCO:

Víctor Mosqueira

Marcos Orsi

Nuria Sanz

Sergio Zearreta

Avelino González

César Goldi

En 1993, na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, estreábase Commedia un xoguete para Goldoni un espectáculo que acabou sendo un dos fitos do teatro galego. Máis de 200 funcións en xira por España, Portugal e Francia. Hoxe, 25 anos despois, repetindo no posible o mesmo equipo creativo, revisitamos aquela experiencia, celebramos aquela festa teatral.

Arlecchino atopa unha carta de amor no mandil da súa muller e, erradamente, pois a carta non era para ela, pensa que ela o engaña. Desesperado, quere matarse. Pero deteno unha misteriosa voz que vén de ningures e que lle dá un anel máxico que ten a extraordinaria propiedade de facer perder a memoria a quen o pon. Arlecchino esquéceo todo. Pero, como dano colateral, esquece tamén a noción das convencións sociais.

A partir deste arranque argumental sucédense unha serie de divertidos equívocos e enxeñosos enredos nos que participan algunas das principais figuras da "commedia dell'arte": o cutre taberneiro Brighella, o pedante Dottore, o avaro Pantalone, o fanfarrón Capitano, a encantadora Arxentina...

Un argumento que, más alá do imprescindíbel alarde formal e lúdico, da pé para xogar criticamente cos manidos tópicos do amor romántico e os riscos do exercicio indiscriminado da sinceridade.

<b>DATA:</b>	Sábado, 25 de maio
<b>LUGAR:</b>	Pazo da Cultura
<b>HORA:</b>	20:00 horas
<b>COMPAÑÍA:</b>	ROI CASAL
<b>ESPECTÁCULO:</b>	Son galego, Son cubano
<b>DURACIÓN:</b>	1 hora e 30 minutos
<b>XÉNERO:</b>	Música
<b>PÚBLICO:</b>	A partir de 12 anos
<b>IDIOMA:</b>	Galego
<b>PREZOS:</b>	Público xeral: 9,50 € Abonados- desempregados- carné xove ou estudiante (ata 25 anos): 6,65 €



“Son galego, Son cubano” púxose en escena por primeira vez no Gran Teatro de La Habana (antigo Palacio do Centro Galego) no mes de maio de 2016 con dous memorables concertos. Un show inesquecible con letras de Neira Vilas e participación dos melhores músicos de ámbolos dous países, que foi visto en directo por máis de 100.000 espectadores desde a súa estrea en Cuba. Roi Casal traballou convxuntamente neste espectáculo con Neira Vilas ata o falecemento deste último en novembro de 2015. A xira está considerada unha fermosa homenaxe ao propio Neira Vilas e á emigración galega en Cuba, onde o escritor residiu 31 anos da súa vida para deixar rexistrada en varias das súas obras a increíble epopea dos galegos na illa caribeña.